

Traballo de historia oral

María Chás Dans

Irene Vidal Sexto

Nome: María Chás Dans

Idade: 83 anos

Lugar e data de nacemento: Iñás , Oleiros (A-Coruña) 25/03/1923

Lugar de residencia actual: Perillo-Oleiros (A-Coruña)

“Nacín en Iñás o 25 de Marzo de 1923, nacería de noite, digo eu, non sei a hora non a sei.

Eu de pequena tiven tifoidea, eran unhas enfermidades que había antes que lles poñían ese nome, non había penicilina, non había ningún tipo de antibiótico, non había nada. Era unha enfermidade mala (tifus), unha cousa moi mala, morreu moitísima xente daquela [...]

A miña vida foi moi dura; eu acórdome de pequena, pois fumos doce irmáns, eu era a cuarta. Acordome de estar ao anoitecer, nosa nai tiña que ir a herva, tiña que amasar, tiña que cocer no forno da casa o pan; facía un pan precioso...eu estaba o millor no piso de arriba acunando os nenos, e pola ventá veía os árboles que se movían e eu acunaba na criatura ,porque miña nai nunca andubo con biberones, xa que tiña peito e dáballo sempre[...]

Había un médico de cabeceira, pagábaselle o ano, e cando había unha enfermidade víñate ver[...]

Miña madriña(era a avoa de seu marido) tamén estivo enferma, de cancro(morreu de iso). Miña nai o millor estaba facendo a comida e “tia maria, tia maria, veña...dixo a madriña”, e alá marchaba miña nai[...],marchaba a coidala[...]

Eu acordome da miña niñez porque agora teño 83 anos, e aquel cariño que había antes no rúeiri, nas casas,a xente toda era unha;axudábanse nas mallas

do trigo, collíanse a herba para o gando[...]Mama sempre facía unha ou dúas empanadas e daballes de comer os malladores do trigo.[...]

Daquela non se gañaban cartos “non habia cartos”...¿Qué gañaba un home? gañaba tres ou catro pesetas o día.

Eu aínda acordo a carretera nacional que vai para Madrid, que pasa polo puente, que vai por Iñás aínda a recordo con pedra de murillo, pedras gordas, e acordo despois cando empezaron a botalo asfalto.[...]

Miña nai traballou moito no campo, tiña dous bois e unha vaca. O leite nunca o vendeu, e cando iba para o campo levaba o carro che de rapaces, que eramos nós: os fillos, porque xa que eramos tantos ese prado, anque non fose dela, era grande e podíamos estar por alí.

Mama lavaba alí a roupa e secaba e xa viñamos limpos para a casa, só descansaba cando tiña alí o gando, non tiña tempo para nada.[...]

Meu pai traballaba en San Pedro na casa dos “hortelanos”, era carpinteiro.

Papa chamàbame “mariquiña”, eu era o “chis” del, porque era pequecha e poñíame así no medio das pernas del, debaixo.”

“Cando tiña 7 anos xa fun traballar a casa de Manola, para cuidala e facer as cousas da casa.[...], estiven alí moito tempo, eu iba coas vacas, quería traelas cheas, que apastaran ben para dar un bo leite[...]

Andiven moi esclaviña.

Despois fun para a casa da Prieta en Soñeiro, e tamén me levantaba temprano; alí estiven moi maliciña naquela casa (non me quixo dar detalles sobre iso) [...]

Eu iba o río, iba a herba, eu traballei moito, e despois ibamos a Fiebre, e eu sempre choraba porque quería levar o cabalo e iba no carro do cabalo sentada diante e guiando o cabalo, moito me gustabas os cabalos[...]

Despois o carro volvía cheo de cereixas[...]

Estiven en Betanzos cunha parienta na Estacion do norte, pero aquela era unha señorona de esas que se queren dar se señoras[...].o home mais eu iamos traballar pero ela non facía nada[...]

“Unha parenta miña: Manola ,tardou moito en andar, xa que era unha rapazona e era extraño. Había un refrán que había que dicirlló a 1ª muller que viñera da igrexa, nunca curva diciáselle: señorita que ven da fortuna, cortelle a solta a esta criatura.

A min mandaronme facer iso, e colleu a señora e cortoulle a corda a Manola, levei a nena para a casa no colo outra vez e alí a uns poucos días a nena andou.”

“A miña nai morreronlle dúas nenas, e eu coa enfermidade que tiven deixei de andar. Morreume unha irmá que se chamaba Matilde que era a millor persoa do mundo(o contar isto, María puxose un pouco triste).[...]

“Eu fun para o colexio cando tiña 12 anos, en Carnoedo. Unhas primas da miña nai eran profesoras na ‘Grande Obra’, e cando daban pasantía pola tarde na casa, alí foi onde aprendín a leer e a escribir.[...]

“Da guerra non quero falar nada porque non me gusta e porque aquí case non houbo guerra; foi no 1936. En 1936 eu estaba na Coruña, na ‘Grande Obra’ ; pero aquí non houbo guerra muller, a min non me morreu ningún familiar. pero acordo cando viñeron da guerra.[...]

{meu avó(o marido de Maria,nacido en 1920)marchou o servizo con 18anos e
aínda non coñecía a miña avoa,pero ela,a pesar de todo,contoume que
pasaron moito medo e moita fame}

“Na guerra entraban nos pisos e desbarataban todo, porque a guerra civil é moi
mala. É o pobo contra o militar.

A min me contou o teu avó, que estivo na guerra moito tempo, que ao entrar
nos pisos levaban o que lles gustaba, pero o pouco tempo tiñan que tiralo
porque non podían cargar con iso todo o camiño.[...]

Aínda debía de vir agora un Franco pequeno, xa que agora todo o mundo fai o
que quere no hai respecto por nada.[...]

Eu coñecía xa ao teu avó, Manuel, dende que eramos pequenos. Casei con el
aos 19 anos no 4 de outubro de 1942. Tiven tres fillos: Antonio, que naceu no
ano 1943; Manuel, que naceu no ano 1945; e M^a del Carmen, nacida no ano
1960 (é miña nai).

Naceron ben saniños, eu nunca fun ao médico e os tiveron na casa; de pé.[...]
De política nunca quixen saber nada ,aínda non lles puideron dar aos fillos a
escola como quixera...[...]

Cando M^a del Carmen (miña filla pequena) tiña 4 anos, viñemos a vivir para
Perillo, e ao pouco de nacer ela, aos 10 días, eu xa estaba traballando.
A partir de aí empecei a traballar nas leiras como unha escraviña.

Tamén teño ido a marea; e tamén traballei na depuradora de Lorbé.

O mar é fascinante, cando íamos a marea e había traballo nos criadeiros para
coller o marisco para importalo, era moi bonito xa que daba gusto collelo
porque estaba todo espeso...

Eu comprei unha lanchiña na que cabiamos 6 persoas e que nos servía para
rañar tranquilamente ,o tempo para mariscar era den outubro ata marzo, a
lancha non era gran cousa.[...]

Estiven traballando no mar ata que a Xunta de Galiza se apoderou de todo.[...]"

Eu, agora, no meu estado, ao mar temblolle xa que non estou ben, pero iso de
levantarte pola mañá cedo, marchar para a marea o abrir o dia e meterte no
mar ata o cuello.....e fascinante.....